

SITUACIÓN ACTUAL DA LEI BBFF

Santiago de Compostela 01/10/24

Situación actual da Lei BBFF:

1. Prazos legislativos e atrasos:

Consegiuse o compromiso do PP que o trámite da lei no Senado sería rápido, e sen esgotar os 2 meses máximos que marca a lei para a súa tramitación no Senado. Con todo, debido a cuestións que descoñecemos, os prazos están a prolongarse, e iranse aos dous meses límite, incumprindo así as garantías de celeridade prometidas.

2. Non esquezamos que isto vén, tras a negativa para tramitar a lei por vía de urxencia:

Solicitouse que o trámite se tramitase de urxencia para acelerar o proceso, pero esta solicitude foi rexeitada. A pesar diso, comprometéronse que o trámite sería áxil, cousa que non sucedeu.

3. Conseguimos que todos os partidos non presentasen emendas ao texto, para non retardar o proceso, e das presentadas o único que mantén esas emendas é o PP. O resto retiraron para non retardar o trámite.

4. Emendas introducidas polo PP que prexudican:

Durante a tramitación, introducíronse emendas que modifican aspectos clave da lei, prexudicando ao colectivo especialmente en relación a temas como que quede claro a categoría de bombeiro forestal, as funcións, prevención de riscos laboral, e o peor, que non se nos outorguen os coeficientes redutores para xubilados anticipadamente.

Lamentablemente a lei de BBFF, que é de natureza técnica e afecta o noso colectivo o cal é moi específico e necesitado, está a ser tratada de maneira política, retardando o proceso e introducindo emendas que non melloran a lei e que poderían desvirtuala.

Mobilizacións e accións futuras:

Exponse a posibilidade de realizar **concentracións e mobilizacións** para presionar ao Partido Popular no Senado co fin de **evitar que a lei se dilúa ou perda o seu efecto.**

Se o PP segue coa súa liña, hai que ter en conta que cando volva o texto ao Congreso, os sindicatos temos que realizar, outra vez o traballo de pactar, conversar e negociar cos partidos políticos o apoio que xa tivemos o 23 de xullo, para que sexan rexeitadas as emendas introducidas no Senado polo a PP e **restaurar o texto orixinal aprobado na Cámara Baixa, o Congreso.**

En resumo enfrontámonos a un **escenario complicado**, onde o **proceso legislativo** dunha lei importante para o noso colectivo está a ser **retardado e politizado polo PP** e estanse **introducindo cambios que prexudican** a todos nós/as. Ante isto, formularanse **mobilizacións** para tentar **reverter as emendas e defender o texto orixinal.**

